

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE XUÑO DE 2006

### 2.- Solicitudes de licenzas de obras.

#### **FAVORABLES.-**

**318/06.- Alcomte Galicia, S.L.-** Construción de nave e licenza de apertura (Lap/84/06) de almacén de materiais de construción no polígono Costa Vella- Parcela 16 do SUNP-37.

**676/06.- Plavimundo, S.L.-** Legalizacións das modificacións executadas na edificación sita na R/ Madrid, Polígono 6-7 do Plan Parcial de Fontiñas, Parcela 8 A.

**1897/03.- Emprosal 16, S.A.-** Edificio (15 viv.) no ámbito do Estudio de Detalle no ámbito das Unidades de Xestión E-2 do Peri de Concheiros, Cotaredo, San Lázaro, na Rúa Lisboa.-

**290/06.- Construcciones Ruafer, S.A.-** Edificio (9 viv.) na R/ Sánchez Freire núm.28-30-32.

**542/06.- Construlart Unión, S.L.-** Edificio de dúas vivendas na Avío núm.1.-

**452/06.- Juan Sanmartín Ferreiro, S.L.-** Nave industrial, sen uso determinado, na parcela 121 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.

**484/06.- Ricardo Sexto Otero.-** Viv. unif. en Lugar de Castro de Bando.-

**305/06.- Emilio Balsa Mansilla e Outra.-** Legalización das modificacións executadas na vivenda unifamiliar na Ponte de Vilar de Arriba, s/n.-

**2177/05.- Juan Vicente Cañada Valverde e Outra.-** Rehabilitación viv. unif. en Pardiñas de Arriba, Laraño.-

**1822/05.- Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos, S.L.-** Edificio (16 viv.) na Unidade de Actuación da Queimada, parcelas 3R e 4R do Proxecto de Reparcelación, na Rúa da Queimada núm.16.-

**569/06.- Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos, S.L.-** Edificio (7 viv.) na Rúa Picaños núm.12.-

**616/06.- Construcciones Ríos Taboada, S.L.-** Legaliz. modificacións executadas na construción de tres naves industriais, sen uso específico, nas parcelas 3B-1, 3B-2 e 3B-3 da Vía de la Cierva do Polígono do Tambre.-

**1165/06.- Escola Galega de Administración Pública (EGAP).-** Reforma de cuberta na R/ Madrid núm.2.-

#### **PARCELACIÓNS.-**

**680/06.- Emilio Suárez Soto.-** Parcelas 99-100 e 101-A2 do Polígono do Tambre (+).-

**1138/06.- Gloria Hortensia e Benigno Sampedro Quintas.-** Parcela 106 de concentración de eixo, Marrozos (-).-

### 5.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das obras de limpeza, reparación e pintado de elementos arquitectónicos e mobiliario no Parque de Bonaval.

Adxudícanse as obras á empresa MONTEBALSA, S.L., por un importe de 14.900 euros.

### 6.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade Cidadá relativa á aprobación do prego e autorización para inicio do expediente de subministro e instalación de luminarias leds en semáforos na Praza de Galicia e Campo da Estrela.

Apróbase o comezo do procedemento para a adxudicación e execución das obras, cun presuposto de 29.924 euros.

### 7.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa ao alugueiro de local na rúa Perez Constanti nº 4 para a realización das actividades do Proxecto PERSOA III.

Acórdase a sinatura do contrato de aluguer con Manuela Vicente Louzao Iglesias, por un período de 12 meses e por un importe de 18.000 euros.

### 8.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á contratación de docente para impartición de curso de cantería.

Apróbase a contratación de Xosé Mª Lomba Martínez, por un importe de 18.252 euros.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Cemiterios relativa á prórroga do contrato de prestación do Servizo de Conservación e Mantemento do Cemiterio da Cidade de Santiago de Compostela.**

Acórdase a prórroga do contrato coa empresa FUNERARIA TANATORIO APÓSTOL SANTIAGO S.L. por dous anos, por un importe de 110.317 euros anuais.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por leixonela.**

Apróbase o prego e o inicio do expediente, por un importe de 25.000 euros.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade Cidadá relativa á adxudicación do Subministro de diverso material de rescate en altura para o Servizo de Extinción de Incendios.**

Adxudícase o subministro á empresa NORTREX, por un importe de 11.906 euros.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación do orzamento de gastos das festas do Apóstolo 2006.**

Apróbase o orzamento, polo importe de 742.144 euros.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á adscrición á dita Concellería e á cesión do uso gratuíto da caseta de información turística sita enriba do aparcadoiro da Praza de Galicia.**

Acórdase a devandita adscrición do inmovible e autorízase o seu uso gratuíto por un ano, prorrogable ata un máximo de catro, ás asociacións de iniciativa social que colaboran coa Concellería e integrantes dos grupos de trágallo sociosanitario e do voluntariado do Consello Municipal de Servizos Sociais.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa ao cambio de uso e á autorización da utilización gratuíta en precario dos pisos municipais 2º C e 2º F da rúa Roma nº 5.**

Acórdase o devandito cambio de uso do inmovible e autorízase o seu uso gratuíto por un ano, prorrogable ata un máximo de catro, á Asociacións de Pais de Diminuídos Psíquicos (ASPAS).

**15.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuíto dun pavillón municipal á Consellería de Educación e ordenación universitaria.**

Concédese a utilización, de forma extraordinaria e con carácter gratuíto, do pavillón municipal situado no CEIP de Vite, para o almacenamento de material mentres duran as obras no CEIP López Ferreiro.

**16.- Revisión do prezo do contrato do alugueiro do inmovible sito na rúa do Vilar, 13-1º para dependencias municipais de Educación.**

Acórdase a devandita revisión do prezo, que queda en 1.348,47 euros/mes.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á solicitude á Xunta de Galicia da declaración de caducidade da concesión dunha liña interurbana.**

Dáse o visto bo á solicitude á Dirección Xeral de Transportes da caducidade da concesión V-1598;XG-100, (Santiago-Oza dos Ríos), da empresa Autos Grabanxa, ao fin de integrar os tráfico ás aldeas de Carballal, Barral, Pereiras e Bálsona na rede de transporte urbano.

**18.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á concesión de subvención ao bacharelato internacional do IES Rosalía de Castro. Curso escolar 2005-2006.**

Apróbase a proposta de orzamento, de 13.042 euros, e dáse conta da sinatura do conseguinte convenio con IES Rosalía de Castro.

**19.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do programa de actividades da escola municipal de verán xuño-xullo 2006.**

Apróbase o devandito programa de actividades, por un importe de 9.920 euros.

**20.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á corrección de erro no acordo de aprobación da modificación das Bases reguladoras da concesión de axudas á rehabilitación dos locais da Cidade Histórica.**

Procédese á corrección do erro.

**25.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á aprobación do proxecto de modificación das ordenanzas de ingresos públicos 4.30 e 3.19.**

Apróbase o proxecto de modificación das ordenanzas referidas á prestación de servizos da Escola Municipal de Música para 2006 e á taxa pola utilización dos servizos na Estación de Autobuses.

**26.- Diversas propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativas á bonificación no Imposto de bens inmobles.**

Concédense as bonificacións solicitadas.

**52.- Dar conta de Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Consorcio de Santiago en materia de asistencia e xestión urbana sostíbel.**

Dáse conta do referido convenio.

**URXENCIAS**

-Adxudícanse as obras de rehabilitación e ampliación para a Casa do Asociacionismo Veciñal a Extraco S.L. por 648.449 euros e un prazo de execución de 39 semanas.